

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZANOVE DE MAIO DE DOUS MIL DEZASETE.**

Na Casa do Concello de Valdoviño (Salón de Sesións) reúnese o día dezanove de maio de dous mil dezasete, a Corporación deste Concello para celebrar a sesión ordinaria de carácter mensual con comenzo as vinte horas en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os concelleiros e concelleiras: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do PSdeG- PSOE don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez e Fernández dona M<sup>a</sup> Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño( U POR V ). Non asistiu con previo aviso á Alcaldía don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño ( CENVAL) e Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Actúa como secretaria a titular do Concello, dona Carlota González Navarro, asistindo tamén a interventora do Concello, dona Gema Leal Insua.

O alcalde, sendo a hora sinalada apertura a sesión para tratar os asuntos contidos na Orde do Día da convocatoria, que son os seguintes:

### **ORDE DO DÍA**

#### **I. PARTE DISPOSITIVA**

##### **1º APROBACIÓN , SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA EN DATA 17 DE MARZO.**

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobou o borrador citado.

#### **II. CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

##### **2º DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDÍA (EMITIDOS DENDE O 13/04/2017 AO 12/05/2017).**

De conformidade co artigo 42 do ROFRXEL deúse conta ao Pleno da relación de decretos ditados entre as datas 13/04/2017 e 12/05/2017, ámbalas dúas incluídas comprendendo os decretos números do 134/2017 ao 167/2017.

**O Pleno tomou coñecemento**

### **3º DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS: EXECUCIÓN 1º TRIMESTRE AÑO 2017; PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO ; LISTADO DE MOROSIDADE**

Dáse conta ao pleno dos datos económicos citados, facilitados pola intervención municipal; que constan no expediente da acta do Pleno ;informando a Sra. Interventora de que no 4º mes do ano hai que rendir a execución trimestral e de que no 1º trimestre o período medio de pago a provedores esta en 14,38 días.

**O Pleno dáse por enterado.**

### **4º ROGOS E PREGUNTAS.**

Sr. Alcalde.-Informo de que imos poder abrir o Punto de Atención Infantil e de que sobre o 6 de xuño, inda que non hai apertura oficial virá o Conselleiro ata aquí. Pero cando mo confirme fixo, volo trasladarei. O funcionamento do PAI era un asunto imprescindible.

Contamos cunha pequena axuda orzamentaria para equipamento. Tivemos problemas de destrozos no tellado que orixinou algo de retraso.

[Fai a súa entrada a concelleira dona Jessica Sabín Fernández cando son as 20 horas e 15 minutos].

Sr Alcalde- Informo tamén de que poida que veña unha segunda tanda de axudas da Deputación Provincial.

Sr. Rodríguez Fernández.-Hai algunha nova sobor da Cámara Agraria?

Sr. Alcalde.-Non está declarada como ruína. Falou o arquitecto municipal co da Xunta. Propuxemoslle á Consellería actuacións con carácter administrativo social.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG.- Sr. Ameneiros Serantes.-

Sr. Ameneiros Serantes.- Como están os trámites do Plan Xeral de Ordenación? Pedirá reunión para falar dos temas de desenvolvemento, non de cuestións técnicas en sí. De cómo queremos que Valdoviño medre.

Sr. Alcalde.- Está o técnico mirando temas administrativos. No avance están incorporadas as cuestións de protección.

- Fíxose algunha xestión respecto ao Campo de fútbol de Mourente?

Sr. Alcalde.- Incorporámolo no Plan complementario da Deputación Provincial. Hai o proxecto que se aprobou en pleno. Temos que esperar a aprobación do Plan e as baixas.

- Que sabemos das líñas de buses?

Sr. Alcalde.-Mantivose unha reunión en Ferrol para falar do tren, que derivou no problema dos autobuses. Houbo un abandono de concesión, aínda que están dando algúns servicios. A Xunta quere facer adxudicación a un novo concesionario con outras condicións que non nos da a coñecer que xustifican en que que non dispoñen de tempo e que recollen din, as sensibilidades dos concellos (temas de traballo, centros escolares..)

Van incorporar autobuses para ir toda a xente neles (non soio escolares) e van prolongar algo o tránsito, e crear un servizo segundo demanda con atención telefónica como por exemplo para Centro de Saúde etc.. e pretende que cubran o servizo dos taxis cando é pouca xente; sen definir todos os traxectos nen os horarios.

“Autos Paco” aínda ten o título concesionario en Valdoviño pero está de acordo en axustar.

Sr. Ameneiros.- Vaise manter a ruta existente?

Sr. Alcalde.- Non , porque en agosto van facer un novo título. Non sei se o grupo do Sr. Vigo sabe algo máis disto.

Sr. Vigo.- Non, o Director Xeral de Educación que tiña previsto vir, comunicou que non podía acudir.

Sr Ameneiros.- Pedirá colocación de marquesiña en Robles e falarase de solicitar cambio de parada.

Sr. Alcalde.- Pedimos marquesiña e a Consellería trasladounos que ían quitar un novo Plan de marquesiñas.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIDOS POR VALDOVIÑO.- Sr. Bacorelle Robles.-

Sr Bacorelle Robles.- Preguntei en varias ocasións sobre a factura de lixo dun veciño.

Sr Alcalde.- Solicitamos informe a “FCC” non soio no referente ao recibo desa persoa.

Sr García Sousa.- A empresa nos dixo que estaban con ese tema

-Algunha nova en canto o edificio “O Siroco”?

Sr. Alcalde.- Non; estamos tratando de encarilar esta cuestión no Plan Xeral.

-Cal é a idea sobor do camping municipal?

Sr. Alcalde.- Imos ter unha reunión dos grupos municipais, por iso vos entregamos os pregos, posiblemente para a semana.

Sr. Bacorelle.- Tedes un prazo de apertura?

-Ten que facer obras o concesionario?

Sr. Alcalde.- Sí

Sr Bacorelle.-Non creo que estea listo para este verán.

Sr Vigo.-Opino que este ano non vai haber camping.

Sr Saavedra Gutiérrez.- E vostede quere que o haxa?

Sr Vigo.- Sempre o pretendín . ¿non? Pero dentro da legalidade , eso sí.

#### INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR.

Sr Vigo Lago.- Saíu sentenza do Tribunal Constitucional en relación ás plusvalías. Se os veciños teñen dereito a reclamar , (porque moitos venderon máis barato do que mercaron) , o concello vailles devolver a cantidade que corresponda directamente ou van ter que presentar reclamacións ou recursos?

Sr Alcalde.- Cal é a idea do PP?

Sr Vigo.- Devolver

Sr Alcalde.- O concello non ten aínda posicionamento. Ten delegado este asunto das plusvalías á Deputación.

O Tribunal Constitucional ratificou 1 ou 2 sentenzas, parece ser que casos concretos, non aplicables a todo tipo de transaccións, segundo me trasladan da FEGAMP.

Sr.Ameneiros.- Haberá que demostrar que houbo unha perda.

Sr. Vigo. Falo dunha vez feitas as comprobacións.

Sra Interventora.- Os ingresos indebidos analizaraos a Deputación, porque o Concello ten delegado nesta.

Sr. Vigo.- Respecto aos diversos contratos de mantemento. Houbo algún reparo?

Sr. Alcalde.-Sí pero estamos traballando nos pregos; para as novas contratacións.

Sr Vigo.- Qué sabemos da praza do edificio “Cavacano”? Hai unha fianza.

Sr Alcalde.- O técnico municipal está cun proxecto para saber o custo dunha praza coas condicións que debe ter e co trámite administrativo para a execución do aval.

Sr Vigo.- Cantas subvencións nominativas de 2016 están pendentes de pago?

Sr Alcalde.- Non o sei pero non están todas pagadas.

Sra Interventora.- Moitos expedientes estaban sen completar, faltos de documentación e fixemos escritos de requerimentos de documentos.

Sr Vigo.- Coñece casos de despidos de persoal feitos por empresas concesionarias?

Sr. Alcalde.- Sí

Sr Vigo.- Houbo escrito dun veciño reclamando servizos,?

Sr Alcalde.- Sí escrito dunha persoa, en representación de varias sobre a falta de servizos públicos na Gándara Meirás. Foi a comprobar o concelleiro e a Policía Local e falei co reclamante persoalmente.

Sr Vigo.- Alguén lle pediu reunión para falar da polilla guatemalteca?

Sr Alcalde.- Sí, para que pedira que non se incrementase o prezo da pataca. Pedínlle a Xunta que controlasen o prezo.

Sr Vigo.- Hai un escrito entrada 1234 de 11.04.17 sobre aviso de recibo a protección civil.

Sr Vega.-Relativo á recollida do coche de Protección Civil.

Sr Vigo.- No convenio asinado co Concello de Cerdido en relación a traballos realizados por traballador deste Concello en Cerdido. ¿Valdoviño perde ou gana?

Sr Alcalde.- Nen ganamos nin perdemos, pero vai rematar.

Sr Vigo.- Hai un escrito no rexistro de entrada sobre valoración de arbolado de parcelas en Valdoviño.

Sr Alcalde.- Sí, solicitude dunha empresa, para valoración da tala, xa se fixera outra valoración municipal.

Sr Vigo.- Consta en rexistro de entrada un sobre problema pola numeración de vivendas.

Sr Ameneiros.- É un problema dun veciño de Meirás con Correos, debido a falta de numeración correcta.

Sr García Alonso.- Refreñaronse os contenedores?

Sr Alcalde.- O pedimos.

Sr García Sousa.- Están con ese traballo

Sr García Alonso – Que hai do tema do GDR (Grupo Desarrollo Rural)

Sr Alcalde.-Presentouse un , pedindo apoio (campo fútbol Meirás para usos deportivos diversos)

Sr García Alonso.- E do GAC?

Sr Alcalde.- Fixemos un plan para as Forcadas pero agora é GALP (Grupo Acción Local Pesca)

Sr García Alonso.- Vaise facer algo para a accesibilidade na Frouxeira?

Sr Alcalde.- Solicitamos presuposto a COGAMI para todo o paseo e pedimos informe á Policía.

Sr Vigo.- Debíase intentar na Frouxeira ter unha nova saída.

Sr Rodríguez Fernández.- Quero presentar tres rogos.

-O monte Campelo depende de Defensa, pero debería avisarse para que realice actuacións para evitar incendios e outros problemas

Sr. Alcalde.- Estuvo representante de Defensa en Ferrol e o Subdelegado de Goberno. Campelo non está desafectado; solicitóuselles que procedesen á limpeza e indicaron que a Xunta non o permitía.

-Rogo se traslade a Costas problema coa praia de Meirás, á que soio se pode ir con marea baixa. A praia non está areada e cando enche a marea, o mar sobe e invade a zona de praia , ao non haber barreira natural. Debese levar o canle do río como antigamente.

Sr Alcalde.- Igual problema existe en o Baleo , Pantín e o Carrizo.

Rogo se adopten medidas de reparación da escaleira para subir á capela da Virxe do Porto.

Sr. Vigo Lago.- Saíu na prensa a presenza dun campamento rumano en Meirás.

Sr Alcalde.- Comprobouse pola Policía e din que non hai nada diso.

Sen máis intervencións, ás vinte e unha horas e quince minutos a sesión queda levantada polo Sr. Alcalde; da que como Secretaría municipal redato a presente acta e CERTIFICO:

A Secretaria,

O Alcalde,